

R.R. DE 19 DE FEBREIRO DE 2016, POLA SE FAI PÚBLICA A ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE ESPAZOS COMPARTIDOS NO EDIFICIO MIRALLES ÁS ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

De conformidade co establecido na Resolución Reitoral do 18 de decembro de 2015, pola que se publica a convocatoria de asignación de espazos compartidos no Edificio Miralles no campus de Vigo para asociacións de estudantes universitarios da Universidade de Vigo e segundo os acordos acadados na Comisión ordinaria de Extensión Universitaria e Estudantes, delegada do Consello de Goberno, celebrada o 17 de febreiro de 2016.

ESTA REITORÍA RESOLVE.

- Adxudicar a asignación provisional de espazos compartidos ata o 30 de decembro de 2017 ás asociacións seguintes:

Nº rexistro	Nome asociación	Presidente/a
034	Grupos bíblicos universitarios da Universidade de Vigo	Julián David Calle Crisancho
108	Asociación para a integración de estudantes estranxeiros	Andrea Rodríguez Rodríguez
110	Asociación Trabalingua	Nuria Vilán Prado

- Establecer un **prazo de reclamación de cinco días** a partir da publicación da presente Resolución. Rematado este prazo, de non existir reclamacións procederase á publicación da Resolución definitiva. De existir reclamacións ,se resolverá na vindeira sesión da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En Vigo a 22 de febreiro de 2016

O REITOR

PD R.R. 7/5/2014 -DOG 13/5/2014

O vicerreitor de Extensión Universitaria
e Relacións Internacionais

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro de anuncios dos Rexistros da Universidade de Vigo
Vigo, 23 de febreiro de 2016
O xefe do Servizo de Extensión Universitaria



Manuel Fernández Iglesias



Ricardo Cordero Salgado

Universidade de Vigo - Rexistro Xeral
Salida Nº. 201600003171 23/02/16 12:58:25